

## ANEXO III

## DECLARACIÓN DE AXUDAS

Dona  con DNI

**DECLARO:**

Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas competentes

Ter solicitado e/ou percibido as axudas e/ou subvencións das administracións ou entidades públicas ou organismos a elas vinculados ou dependentes que se indican:

1	Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc.): <input type="text"/> Administración, organismo, ente ou sociedade a que se lle solicitou: <input type="text"/> Data da solicitude: <input type="text"/> Data da concesión: <input type="text"/> Contía íntegra mensual: <input type="text"/> Período polo que se lle concedeu: desde <input type="text"/> ata <input type="text"/>
2	Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc.): <input type="text"/> Administración, organismo, ente ou sociedade a que se lle solicitou: <input type="text"/> Data da solicitude: <input type="text"/> Data da concesión: <input type="text"/> Contía íntegra mensual: <input type="text"/> Período polo que se lle concedeu: desde <input type="text"/> ata <input type="text"/>

Asdo.:

, de de

---

*Directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller*

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 15 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a data do sorteo para determinar a composición das comisións que deberán valorar os méritos presentados polos participantes nos concursos xerais de traslados.*

A base décimo quinta da Orde do 31 de outubro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller e artes plásticas e deseño, así como a base décimo primeira da Orde do 30 de outubro de 2007, pola que se convoca concurso de traslados do corpo de mestres de ámbito autonómico, a base décimo segunda da orde do 5 de novembro de

2007, pola que se convoca concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación e a base novena da Orde do 16 de novembro de 2007, pola que se convoca concurso de traslados para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos, establecen que para a avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire ás publicacións, se constituirá unha ou máis comisións, constituídas por unha presidencia designada directamente pola Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e catro vogais designados por sorteo público entre o persoal funcionario de carreira do corpo correspondente.

Resultando necesario facer pública a data e a hora en que terá lugar o sorteo público, de acordo co preceptuado nas referidas ordes, esta secretaría xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-No corpo de mestres constituirase unha única comisión que avaliará todas as especialidades.

Segundo.-Nos restantes corpos constituiranse as seguintes comisións:

- 2 comisións das especialidades de letras.
- 1 comisión das especialidades de ciencias.
- 1 comisión de tecnoloxía.
- 1 comisión de prácticas de FP.
- 1 comisión de conservatorios de música e artes escénicas.
- 1 comisión de escolas oficiais de idiomas.
- 1 comisión de escolas de artes plásticas e deseño.

Terceiro.-O sorteo terá lugar na sala de xuntas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano, s/n, Santiago de Compostela o día 28 de xaneiro de 2008, ás 10.00 horas.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2008.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (SECCIÓN SEXTA)

*Edicto (3173/2006).*

Faise saber que este tribunal, no recurso de apelación (LECN) 3173/2006, ditou sentenza cuxo encabezamento e resolución, literalmente din:

«Sentenza nº 367

Vigo, vinte de xuño de dous mil sete.

Vistos en grao de apelación, ante a Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, os autos do xuízo ordinario 738/2001 procedentes do Xulgado de Primeira Instancia número tres de Vigo, a que correspondeu a peza 3173/2006, en que aparece como parte apelante-demandante comunidade de propietarios Martín Echegaray, 16 de Vigo, representada polo procurador Javier Soaje Renard e asistida do/a letrado Roberto Lago Santodomingo e como parte contra da que se apela e demandados Antonio Davila Alonso, César Jiménez López, Luis Mejide Rico, Mariano de Labra Morán, Javier Pena Fernández, representada polo procurador Emilio Álvarez Pazos e asistida do letrado Alfonso Álvarez Gándara, como apelados-demandados José Luis Encinas Álvarez e Luis Antonio Roreiro González representado pola procuradora Gloria Quintás Rodríguez e asistido do letrado Juan Griño Pascual de Bonanza, como apelado demandado

*Construcciones Jalohisa, S.L.* representada polo procurador Javier Toucedo Rey e asistido do letrado Javier Rodríguez Pérez e como demandados rebeldes *Gesgapo, S.L.* e *Gutiérrez y Gutiérrez, S.L.* É o maxistrado relator Juan Manuel Alfaya Ocampo, quen expresa o parecer da Sala.

Decidimos que acollendo en parte o recurso de apelación formulado pola comunidade de propietarios Martín Echegaray, 16 de Vigo, representada polo procurador sr. Soaje Renard contra da sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número tres de Vigo o día 22 de decembro de 2003, condenamos os demandados, *Arquitectos Técnicos, e Construcciones Jolohisa, S.L.* -a esta última nos límites sinalados no fundamento de dereito terceiro da presente sentenza- nos mesmos termos que establece a sentenza de primeira instancia con respecto aos outros demandados, que esta última resolución tamén condena. Todo isto cos pronunciamentos en materia de custas procesuais se fan no fundamento xurídico cuarto desta sentenza de segunda instancia».

E para que sirva de notificación a *Gutiérrez y Gutiérrez, S.L.* (rebelde), apelado en rebeldía civil, cuxo enderezo se ignora, de conformidade co artigo 497.2º da Lei de axuízamento civil, expido este edicto en Vigo, o dous de xullo de dous mil sete.

Jaime Carrera Ibarzábal  
Presidente

Carmen Sobrado Prado  
Secretaria

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Resolución do 22 de novembro de 2007, da Dirección Xeral de Urbanismo, sobre a aprobación definitiva do expediente de delimitación do solo do núcleo de Barcia, na parroquia de San Xurxo de Piquín, concello de Ribeira de Piquín (Lugo).*

#### I. Antecedentes.

O Concello de Ribeira de Piquín carece de instrumento de planeamento xeral.

O expediente foi tramitado de acordo co previsto no inciso terceiro do número 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na redacción dada pola Lei 15/2004, xa que neste consta a tramitación administrativa seguinte:

-Cumpríuse co trámite de información pública mediante a publicación de anuncios no DOG nº 61,